Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Acta da Xunta de Escola ordinaria do 18 de febreiro de 2026

Anexos:

I. Convocatoria de Xunta de Escola do 18/02/2026
II. Asistentes á Xunta de Escola do 18/02/2026
III. Informe da Directora
IV. Memoria económica do ano 2025
V. Orzamento para o ano 2026.

Ábrese a sesión ás 13 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas do Módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior, ordinaria celebrada o 26 de novembro de 2025**.

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre.

2. Informe da Directora

O informe da Directora recóllese no Anexo III.

3. Renovación, se procede, da Comisión de Normalización Lingüística da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora amosa a proposta de composición da comisión e sinala que se alguén ten interese en formar parte da comisión que o comunique para incorporalo/a.

Apelidos, Nome	Colectivo
Pérez Orozco, Raquel	Presidenta e representante do Equipo Directivo do centro
Cabral Pedreira, Paulo	Representante do PTXAS do centro
Feijoó Vázquez, Iria Gómez Barreiro, Silvia Pérez Rey, Ignacio Ricoy Alonso, Juan	Representantes do PDI do centro
López Bértolo, Javier	Representantes do estudantado do centro

Porto Cambeiro, Aimara	

Engade que a comisión vai ter traballo extra este curso xa que o centro vai ser sede da celebración na UVIGO do día das letras galegas.

A Xunta de centro aproba por asentimento a proposta.

4. Renovación, se procede, da Comisión de Divulgación da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

A Directora amosa a proposta de composición da comisión e cede a palabra a Raquel Pérez Orozco, Subdirectora de Divulgación Científica e Captación, quen a comenta e propón incorporar a todas as persoas que estean dispostas a colaborar nas actividades de divulgación.

Presidenta	
Raquel Pérez Orozco	
Comisionado Non Permanente	
Dúas persoas bolseiras de formación en actividades de divulgación	
Comisionado Permanente	
Alonso González, Pablo	Loroño Costas, Alejandro
Alonso Prieto, Elena	Mariño Martínez, Carmen María
Álvarez Álvarez, María Salomé	Maytin Vargas, Isaías José
Andrés Herguedas, Laura	Navares Vázquez, Juan Carlos
Araújo Fernández, María	Núñez Seoane, Antón
Caride Pérez, Marta María	Pacini, Romina
Cordeiro Costas, Moisés	Parente Artime, Belén
Deive Herva, Francisco Javier	Pazo Rodríguez, María
Diez Ferrer, Bienvenido	Pérez Collazo, Carlos
Estévez Ventosa, Xián	Pérez Rey, Ignacio
Feijoó Vázquez, Iria	Pintos Alonso, Aranzu
Franco Sardinha, Amanda	Pozo Antonio, José Santiago
García Corbeira, Francisco Javier	Rivas Brea, Teresa
García Fernández, Juan José	Rodríguez Fernández, Francisco Javier
Gómez Barreiro, Silvia	Silva Fernández, Sheila
Guitián Saco, María Beatriz	Soilán Rodríguez, Mario
Liz Marzán, Eduardo	Torres Rodríguez, Brian
López Araújo, Pablo	Vázquez Dorrío, José Benito
López Bértolo, Javier	

Apróbase a nova composición por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da asignación de utilización de espazos da EE de Minas e Enerxía.

A Directora informa á Xunta de Escola que este tema o xestionou ela, persoalmente. Lembra que, segundo os Estatutos da Universidade de Vigo, é responsabilidade da Xunta de Escola, distribuír os espazos asignados ao centro.

Comeza facendo un breve repaso histórico da asignación dos espazos do centro. A continuación expón as necesidades de espazos identificadas pola dirección para actividades docentes de tipo laboratorio instrumental, actividades de divulgación científica e de promoción das titulacións e necesidades trasladadas por grupos de investigación no que participa profesorado da Escola.

Sinala que se fixo unha revisión do uso actual dos espazos do centro, tomando como referencia o estudo que se fixo trala pandemia para a optimización dos recursos dispoñibles, e indica que se detectaron varios espazos cun grao de utilización moi escaso ou practicamente nulo.

A continuación amosa e explica a proposta da dirección, elaborada en base a esta análise da situación:

- Uso do laboratorio de investigación **M217** para o desenvolvemento do proxecto "*Desenvolvemento do proxecto "Monitorización da calidade do aire interior e representación 3D con Intelixencia Artificial" (IGNICIA). Persoal investigador: E. Granada, P. Eguía e R. Pérez*
- Uso do Laboratorio **M216** para actividades de divulgación científica, promoción das titulacións, realización de prácticas docentes e outras necesidades que se poidan identificar desde o centro. Proponse que este espazo sexa xestionado directamente polo centro.
- Uso compartido do Laboratorio **M101** para o desenvolvemento da actividade investigadora do proxecto *"Integración de disolventes eutécticos no deseño de hidroxeles con aplicación ambiental*" (Traxectorias Emerxentes) e actividade vinculada á concesión do contrato **"***Ramón y Cajal"* do grupo. *B3*. Persoal investigador: A. Rodríguez, F. Deive e S. Álvarez. Neste caso plantéxase unha revisión do uso do espazo ao remate do mesmo en base ás necesidades da área "*Prospección e Investigación Mineira*".

A Directora aclara que xa tivo unha reunión co profesor Barrionuevo, para informarlle desta proposta e tamén lle trasladou que lle achegará unha notificación formal se é aprobada na Xunta de Escola a proposta. Sinala que tamén falou coa profesora Caparrini sobre a proposta de uso compartido do laboratorio M101 e está de acordo co contido da proposta.

Ademais, indica que propón que a cesión de uso do espazo, no caso dos laboratorios M217 e M101, vai ligada ao compromiso ao persoal investigador que solicita un espazo a:

- Compromiso de visibilizar a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía na información e divulgación das súas actividades (web, RRSS, prensa, etc.).
- Compromiso de realizar, na medida do posible, prácticas docentes das materias das titulacións do centro (materias de grupos pequenos).

- Compromiso de uso do espazo para as actividades para as que se cede o uso.

Aclara que a proposta conta co visto e prace da Administradora do Centro e que requiriría as seguintes actuacións por parte da Dirección da Escola:

- Financiación específica para acondicionamento e equipamento do laboratorio M216 para a realización de prácticas.
- Solicitude de persoal técnico de apoio para o laboratorio M216.

Por último, indica outras actuacións en relación cos espazos do centro incluídas na proposta:

- Uso do despacho no espazo de dirección da Escola para atención ao estudantado dos colexios profesionais unha mañá por semana (Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste *COIMNE* e Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos e Graos de Minas e Enerxía de Galicia *COITMGA*.

- Acondicionamento e equipamento do antigo espazo de reprografía para aula informática para traballo en equipo (espazo xestionado polo centro).

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a proposta de asignación de utilización de espazos.

6. Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2026/2027.

A Directora lembra que a solicitude da asignación da bolsa de horas do centro chegou en decembro desde a vicerreitoría de profesorado. Solicitouse desde os centros ter previamente a información dos recoñecementos do profesorado, para poder facer unha distribución de horas definitiva. Desde a vicerreitoría aumentouse o prazo para facer a distribución de horas pero non se rematou o proceso da asignación de recoñecemento ao profesorado.

Amosa a nova *Normativa de Dedicación e Recoñecementos Docentes da Universidade de Vigo* e salienta os principais cambios. Sinala que é ambigua e amplamente interpretable polo que, tras moitas consultas, a vicerreitoría realizou unha reunión con directores/as, decanos/as de centros e coordinadores/as de titulacións na que non se aclararon todas as dúbidas. Ademais, aínda están cargando os recoñecementos na plataforma *ePOD* e non está claro como se vai facer o cálculo final.

A continuación indica que, segundo a nova normativa, a asignación de horas por tarefas de coordinación é actividades xa realizadas no curso anterior, mentres que no centro se estaban a aplicar polas coordinacións para o curso seguinte. Consultouse á vicerreitoría e responderon que se podía manter o criterio do centro no caso das coordinacións de curso.

A bolsa de horas de recoñecementos docentes para o curso 2026/2027 é de 259 horas. A Directora amosa e comenta a proposta da dirección para a asignación da bolsa de horas do centro que se recolle na seguinte táboa:

Nome do profesor/a	Categoría	Nº horas	Actividade relacionada co recoñecemento
Iria Feijoó Vázquez	PPL	10	Tribunais de TFG
Francisco Javier Deive Herva	TU	10	Tribunais de TFG
Iria Feijoó Vázquez	PPL	30	Coordinación curso
Fernando García Bastante	TU	12	Coordinación curso
Jesús Vence Fernández	AD	12	Coordinación curso
Ana María Rodríguez Rodríguez	CU	10	Coordinación curso
Guillermo García Lomba	TU	15	Coordinación Calidade
Joaquín Martínez Sánchez	TU	12	Coordinación materia
David Patiño Vilas	CU	10	Coordinación materia
Javier Taboada Castro	CU	12	Coordinación prácticas externas
Elena Alonso Prieto	TU	20	Coordinación materia
Teresa Rivas Brea	TU	16	Tribunais de TFG
Silvia Gómez Barreiro	AD	20	Actividades de Divulgación
José Santiago Pozo Antonio	TU	20	Coordinación materia
Aranzazu Pintos Alonso	AD	10	Actividades de Divulgación
Beatriz Guitián Saco	PPL	10	Coordinación materia
Ignacio Pérez Rey	AD	10	Coordinación materia
Carlos Pérez Collazo	AD	10	Actividades de Divulgación
Eduardo Liz Marzán	CU	10	Coordinación materia
TOTAL		**249**	

A Directora sinala que esta distribución de horas é posible debido á renuncia a todas ou parte das horas de recoñecemento das seguintes persoas con responsabilidades no centro:

Renuncian	Categoría	Nº horas	Actividade
Raquel Pérez Orozco	AD	0	Coord. curso/Divulgación/Normalización
Marta Cabeza Simo	TU	0	Viaxe de estudos
Francisco Javier Deive Herva	TU	0	Divulgación/STEMbach/Intercambio
José Benito Vázquez Dorrio	CU	0	Divulgación
Ana María Rodríguez Rodríguez	CU	0	PIUNE
Moisés Cordeiro Costas	AD	0	Divulgación
María Araújo Fernández	TU	0	Divulgación
Bienvenido Diez Ferrer	CU	0	Divulgación

Ademais, agradece a colaboración de Salomé Álvarez, Mario Soilán e María Pazo que, polo seu tipo de contrato, non poden recoñecer horas e están a desenvolver actividades do centro.

Propón enviala así aínda que seguramente haberá que modificala cando se coñezan os recoñecemento finais do profesorado.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a asignación proposta da bolsa de horas do centro.

A Directora reitera o agradecemento ás persoas que asumen responsabilidades no centro e ás persoas que, aínda que desenvolven estas responsabilidades, renuncian ás horas de recoñecemento correspondentes.

7. Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2025.

A Presidenta sinala que a memoria económica (Anexo IV) se achegou previamente aos membros da Xunta de Escola e cede a palabra a Francisco Deive, Subdirector de

Infraestruturas e Asuntos Económicos, quen a comenta brevemente e sinala os principais cambios efectuados sobre o orzamento inicial.

A Xunta de Escola aproba a memoria económica por asentimento.

A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do documento e o traballo de xestión da execución do orzamento do ano 2025. Agradece tamén a Carmen Romo o seu traballo na execución do orzamento anual do centro.

8. Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2026.

A Directora indica que o orzamento do ano 2026 é similar ao do último ano; amosa o documento (Anexo V) e salienta os seus principais apartados.

A Xunta de Escola aproba o orzamento por asentimento.

A Directora agradece a Francisco Deive e Ana Cacheiro a elaboración do mesmo.

9. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.

Non hai.

10. Rogos e preguntas.

Non hai.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 13 horas e 58 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a dezaoito de febreiro de dous mil vinte e seis.

Vº e Prace

A Directora — O Secretario

Elena Alonso Prieto — Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 18/02/2026

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-e001-4176-94b4-4924-e989-e87d-1959-a3ad | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

Universidade Vigo

Campus de Vigo

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 18 de febreiro de 2026.

A reunión terá lugar na Sala de Xuntas do módulo de Dirección, ás 12:30 horas en primeira convocatoria e ás 13:00 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

1) Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 26 de novembro de 2025.
2) Informe da Directora.
3) Renovación, se procede, da Comisión de Normalización Lingüística da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
4) Renovación, se procede, da Comisión de Divulgación da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
5) Aprobación, se procede, da asignación de utilización de espazos da EE de Minas e Enerxía.
6) Aprobación, se procede, da bolsa de horas de recoñecemento de actividades de xestión docente para o curso académico 2026/2027.
7) Aprobación, se procede, da memoria económica do ano 2025.
8) Aprobación, se procede, do orzamento para o ano 2026.
9) Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.
10) Rogos e preguntas.

Vigo, 11 de febreiro de 2026

O Secretario

Guillermo García Lomba

A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-e001-4176-94b4-4924-e989-e87d-1959-a3ad
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q
FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 11/02/2026 13:00 | NOTAS : F

ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 18/02/2026

ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 18/02/2026

Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Araújo Fernández, María
3. Cabeza Simó, Marta
4. Cordeiro Costas, Moisés
5. Deive Herva, Francisco Javier
6. Diez Ferrer, José Bienvenido
7. Eguía Oller, Pablo
8. Feijoo Vázquez, Iria
9. García Bastante, Fernando
10. García Lomba, Guillermo
11. Giráldez Pérez, Eduardo
12. González Rodríguez, Elena
13. Granada Álvarez, Enrique
14. Guitián Saco, Mª Beatriz
15. Martínez Sánchez, Joaquín
16. Patiño Vilas, David
17. Pazo Rodríguez, María
18. Pérez Orozco, Raquel
19. Pérez Pérez, Mª Carmen
20. Pérez Rey, Ignacio
21. Pozo Antonio, José Santiago
22. Rivas Brea, Teresa
23. Rodríguez Rodríguez, Ana María
24. Saavedra González, Ángeles
25. Taboada Castro, Javier
26. Vijande López, Javier

Alumnado

27. Santorum Ruíz, Héctor

Persoal de Administración e Servizos

28. Romo Pérez, Mª del Carmen

Desculpan a súa ausencia

- Andrés Herguedas, Laura
- Arias Sánchez, Pedro
- Liz Marzán, Eduardo
- Vázquez Dorrío, José Benito

ANEXO III

Informe da Directora

ANEXO IV

Memoria económica do ano 2025

ANEXO V

Orzamento para o ano 2026